

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FEDERACION PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE PONTEVEDRA PARA A IMPLEMENTACIÓN E FORMACIÓN DE MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS PARA ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS E ALOXAMENTOS TURÍSTICOS PREVISTA NO PLAN DE REACTIVACIÓN DOS SECTORES CULTURAL E TURÍSTICO FRONTE AOS EFECTOS DERIVADOS DA COVID-19.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra no desenvolvemento da medida 28 do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 30 de abril de 2020, coa realización de accións de formación e implantación de medidas hixiénico-sanitarias para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos con independencia de que estean ou non asociados.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.



Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

**Segundo.-** Que a Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra é unha entidade sen ánimo de lucro, que conta con personalidade xurídica e capacidade de obrar, cuxo obxectivo é coordinar, representar, xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integran.

Como fins xerais, ten a xestión e defensa dos intereses comúns dos seus asociados, do sector da hostalería e o turismo.

**Terceiro.-** Que a crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Na medida 28, de apoio ao tecido empresarial e ao mantemento do turismo, contéplase o apoio á adecuación hixiénico-sanitaria para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos. Esta medida pretende facilitar a adaptación dos establecementos aos requisitos esixidos nos protocolos hixiénico-sanitarios. A achega pública a este proceso de adaptación pretende limitar a carga financeira que pode supoñer para a cadea de valor do sector turístico.



Favorecerá a adquisición de equipamentos e preparación de espazos para adoptar medidas en establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos.

**Cuarto.-** Este proxecto contempla, por unha parte, impartir unha serie de sesións formativas, por sectores, en formato webinar, unha segunda actuación a implantación presencial a empresas interesadas en desenvolver os seus plans específicos, e unha terceira actuación de avaliación.

Que a través deste convenio se outorga á Federación Provincial de Empresarios de Hostelería de Pontevedra Galicia unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, se estima xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M<sup>a</sup> Elena Barca Ramos

